

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL**

ORDE do 19 de novembro de 2018 pola que se resolve a convocatoria da Orde do 7 de xuño de axudas dirixidas a escolas de música públicas e escolas de música privadas dependentes de institucións sen ánimo de lucro.

Pola Orde do 7 de xuño de 2018 (DOG do 22 de xuño) publicouse a convocatoria de axudas dirixidas a escolas de música públicas e escolas de música privadas dependentes de institucións sen ánimo de lucro.

Valoradas pola comisión as solicitudes e a documentación presentadas e elevada a proposta definitiva de concesión destas axudas, segundo prevén os puntos oitavo e noveno da orde de convocatoria, e en virtude das atribucións que ten conferidas a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional,

DISPOÑO:

Primeiro. Concederlles as axudas, nas contías que se sinalan, ás escolas de música públicas das cales sexan titulares os concellos que se relacionan no anexo I.A desta orde.

Segundo. Concederlles as axudas, nas contías que se sinalan, ás escolas de música dependentes de asociacións ou fundacións sen ánimo de lucro que se relacionan no anexo I.B desta orde. Así mesmo, desestimar as solicitudes presentadas polas escolas de música dependentes de asociacións ou fundacións sen ánimo de lucro que se relacionan no anexo II, polas causas que se indican.

Terceiro. O pagamento da subvención realizarase unha vez que o órgano concedente comprobe a xustificación presentada polo/a beneficiario/a da realización da actividade subvencionada. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación desta resolución de concesión.

Cuarto. Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os/as interesados/as poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, ante a persoa titular da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, segundo o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administra-

CVE-DOG: posf7za5-e8o0-ihg0-cwj7-niriyexcjdb0



cións públicas, ou ben presentar directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, conforme se establece na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2018

Carmen Pomar Tojo
Conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional

ANEXO I.A

Concello	Escola de música	Importe
Abegondo	Escola de Música Municipal de Abegondo	6.315,75 €
Allariz	Escola Municipal de Música de Allariz	4.857,94 €
Ames	Escola de Música Municipal de Ames	6.895,62 €
Arzúa	Escola Municipal de Música de Arzúa	3.180,50 €
Barbadás	Escola Municipal de Música de Barbadás	8.227,08 €
Barco de Valdeorras, O	Escola de Música Municipal do Barco de Valdeorras	3.909,91 €
Brión	Escola de Música Municipal Magariños	7.480,95 €
Cabana de Bergantiños	Escola de Música Municipal de Cabana de Bergantiños	2.772,00 €
Caldas de Reis	Escola Municipal de Música de Caldas de Reis	6.656,05 €
Cambados	Escola Municipal de Música de Cambados	5.531,18 €
Cangas	Escola de Música Municipal Mestre Inocentes Camaño	9.820,99 €
Carballiño, O	Escola de Música do Carballiño	3.924,95 €
Carnota	Escola Municipal de Música de Carnota	5.029,97 €
Catoira	Escola de Música Municipal de Catoira	5.439,08 €
Estrada, A	Escola de Música Municipal da Estrada	3.663,97 €
Foz	Escola de Música de Foz	5.887,14 €
Lousame	Escola de Música Municipal de Lousame	2.971,39 €
Lugo	Escola de Música Municipal de Lugo	19.405,13 €
Maceda	Escola de Música de Maceda	4.580,73 €
Marín	Escola de Música Municipal Mestre Landín Pazos	3.570,68 €
Meira	Escola de Música Municipal de Meira	4.333,99 €
Moaña	Escola de Música Municipal de Moaña	6.718,15 €
Moraña	Escola de Música Municipal de Moraña	2.897,89 €
Muros	Escola de Música Municipal de Muros	3.752,50 €
Oleiros	Escola de Música Municipal A Fábrica	11.482,57 €
Ourense	Escola de Música Municipal de Ourense	11.034,68 €
Pobra de Trives, A	Escola de Música Municipal da Pobra de Trives	2.059,56 €
Ponteareas	Escola de Música Municipal Vila do Corpus de Ponteareas	5.651,70 €
Pontenova, A	Escola de Música Municipal da Pontenova	2.970,48 €



Concello	Escola de música	Importe
Porriño, O	Escola de Música do Porriño	5.151,01 €
Porto do Son	Escola de Música Municipal de Porto do Son	2.961,91 €
Ribadavia	Escola de Música Municipal de Ribadavia	3.658,34 €
San Cibrao das Viñas	Escola de Música Municipal de San Cibrao das Viñas	3.615,15 €
Sanxenxo	Escola de Música Municipal Lied_em	5.569,48 €
Sarria	Escola de Música Municipal de Sarria	6.833,63 €
Sober	Escola de Música de Sober	4.310,68 €
Valga	Escola de Música de Valga	11.493,56 €
Vigo	Escola Municipal de Música de Vigo	15.954,68 €
Vila de Cruces	Escola de Música Municipal de Vila de Cruces (Artística de Merza)	4.898,77 €
Vilagarcía de Arousa	Escola de Música Bernardo del Río Parada	11.343,28 €
Xove	Escola de Música Municipal de Xove	3.186,98 €
Total		250.000,00 €

ANEXO I.B

Concello	Escola de música	Importe
Celanova	Escola de Música EMBC	10.339,98 €
Mos	Escola de Música de Mos	12.803,70 €
Neves, As	Escola de Música Popular de Rubiós	7.537,64 €
Ponteareas	Escola de Música Privada de Xinzo	11.175,28 €
Rábade	Asociación Músico Crisanto	15.000,00 €
Redondela	Escola de Música de Chapela	8.002,00 €
Rianxo	Escola de Música de Rianxo	12.240,39 €
Rosal, O	Escola de Música da Agrupación Musical do Rosal	11.830,27 €
Salceda de Caselas	Asociación Amigos da Música	7.546,91 €
Santiso	Escola de Música de Visantofia	5.321,41 €
Teo	Escola de Música Privada de Calo-Teo	8.282,87 €
Vigo	Escola de Música de Valadares	12.681,95 €
Vilaboa	Escola de Música de Vilaboa	6.740,27 €
Xinzo de Limia	Escola de Música da Limia	7.940,56 €
Total		137.443,23 €

ANEXO II

Concello	Escola de música	Causa de denegación
Baños de Molgas	Asociación Cultural Banda de Gaitas de Baños de Molgas	Non contar coa correspondente autorización desta consellería

